

Procedementos de reserva, admisión e matrícula nas escolas infantís municipais de Conxo, as Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños para o curso 2023-2024.

1. PROCEDEMENTO

O procedemento administrativo para a reserva, traslado, novas admisións e matrícula das escolas infantís municipais, refírese a:

- Por un lado a **reserva de praza do alumnado xa matriculado** neste curso 2022-2023.
- Tamén é necesario atender a demanda daqueles pais/nais ou representantes legais de nenos/as matriculados para poder solicitar a aprobación do **traslado a outra escola infantil municipal** de Santiago de Compostela, tendo en conta que estará sometida ás limitacións derivadas dos grupos que se formen atendendo á idade; os interesados deberán presentar a solicitude, segundo o modelo normalizado “Solicitude de reserva de praza nas escolas infantís municipais” ben por medios electrónicos ou de xeito presencial, no Rexistro xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende 4, Galeras) ou mediante calquera dos rexistros previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se presenta a solicitude a través da sede electrónica do Concello de Santiago (<https://sede.santiagodecompostela.gal/>) escolla o trámite “ Solicitude de reserva de praza nas escolas infantís municipais” dentro do catálogo de trámites dispoñible.

- Así mesmo, tamén se abre un prazo para que **o persoal das escolas infantís municipais podan solicitar praza para os seus fillos/as**.
- **Prazo de admisión das novas solicitudes de ingreso**, unha vez rematado a presentación dos apartados anteriores.

2. ORDE DE ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS:

2.1. Procedemento ordinario

As prazas adxudicaranse pola seguinte orde:

- a) Solicitude de renovación de prazas:
Os nenos e nenas matriculados durante o curso 2022-2023 en calquera das escolas infantís municipais de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños terán dereito á renovación automática da súa praza, sempre que cumpran co requisito de empadroamento e que estean seguindo o calendario do Programa galego de vacinación.
- b) Solicitude de traslado de escola:
As familias cun neno/a matriculado nunha das escolas infantís municipais no curso 2022-2023 terán dereito preferente a unha praza na escola que soliciten sempre que, unha vez rematado o proceso de renovación de praza do alumnado da propia escola, existan prazas suficientes. No caso de que existan máis solicitudes que prazas, aplicarase o baremo vixente.

c) Solicitudes do persoal que preste servizos nas escolas infantís municipais, cando solicite praza para calquera das tres escolas infantís municipais.

d) Solicitudes de novo ingreso:

As solicitudes de novo ingreso seguirán a seguinte orde de adxudicación:

1. As de menores con medidas administrativas de tutela ou garda en situación de acollemento familiar.
2. As de nenas/os con irmán ou irmá matriculado na escola infantil municipal para a que solicitan a praza, renovada ou de novo ingreso.
3. As prazas que queden vacantes adxudicaranse segundo a puntuación obtida pola aplicación do baremo que para a adxudicación de prazas nas escolas infantís se establece na orde que regule o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. En caso de que a Xunta de Galicia non establecese un baremo específico a aplicar ao curso 2023-24 será o propio concello quen o estableza mediante acordo da Xunta de Goberno Local.

2.2. Procedemento extraordinario

a) Solicitudes de ingreso urgente:

Para os ingresos urgentes resérvase polo menos, unha praza por cada grupo de idade (0-1, 1-2 e 2-3) en cada unha das escolas infantís municipais. Para estes casos, deberán presentarse as solicitudes de novo ingreso segundo o modelo normalizado "Solicitud de ingreso en escolas infantís municipais" acompañado de informe de servizos sociais, no que se xustifique a necesidade de dito ingreso urgente.

b) Solicitudes presentadas fora dos prazos establecidos:

Admitiranse as solicitudes presentadas fora dos prazos establecidos ata o mes de febreiro de 2024. As solicitudes presentaranse segundo o modelo normalizado "Solicitud de ingreso en escolas infantís municipais", sen achegar ningún tipo de documentación xa que serán incorporadas á lista de agarda por orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. LUGAR, PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

3.1. O prazo de presentación de solicitudes do procedemento de **reserva de praza e traslado do alumnado actual e, dos/as traballadores/as das E.I.M de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños** será entre os días **1 e 10 de marzo de 2023** (ambos os dous inclusive). As solicitudes presentaranse segundo o modelo normalizado "Solicitud de reserva de praza nas escolas infantís municipais" ben por medios electrónicos ou de xeito presencial, no Rexistro xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende 4, Galeras) ou mediante calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se se presenta a solicitude a través da sede electrónica do Concello de Santiago (<https://sede.santiagodecompostela.gal/>) deberá escollerse o trámite “Solicitude de reserva de praza nas escolas infantís municipais” dentro do catálogo de trámites dispoñible.

- 3.2. Unha vez rematado o período de presentación de solicitudes e revisadas as reservas de praza se procederá o día **15 de marzo** de 2023 á exposición pública na páxina web municipal e nos taboleiros de anuncios das escolas infantís municipais, a lista de reservas e traslados e o número de prazas vacantes por unidades.
- 3.3. **O prazo de presentación de solicitudes de novo ingreso será do 16 de marzo ao 17 de abril de 2023.**

As solicitudes de novo ingreso presentaranse segundo o modelo normalizado “Solicitude de ingreso en escolas infantís municipais” ben por medios electrónicos ou de xeito presencial, no Rexistro xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende 4, Galeras) ou mediante calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se se presenta a solicitude a través da sede electrónica do Concello de Santiago (<https://sede.santiagodecompostela.gal/>) escolla o trámite “Solicitude de ingreso en escolas infantís municipais” dentro do catálogo de trámites dispoñible.

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- Fotocopia do Libro de Familia ou Título de familia numerosa. A situación de familia monoparental acreditarase con copia da sentenza de separación, divorcio, nulidade ou medidas paterno filiais.
- Copia da resolución administrativa de acollemento.
- Fotocopia do documento que acredite a identidade do pai, nai ou representante legal.
- Acreditación de situacións familiares que incidan na valoración da solicitude (situación laboral, discapacidades, separacións,...).
- Xustificación de ingresos da unidade familiar. Copia da declaración da renda de 2021 de todos os membros da unidade familiar ou, no seu defecto, certificado emitido pola Delegación de Facenda que avale a súa non presentación.
- Nos casos de nulidade matrimonial, separación ou divorcio considérase a renda de quen exerza a garda e custodia do/a menor e as pensións compensatorias que perciba o cónxuxe que a ostente e de alimentos dos fillos/as ao seu cargo. No caso de non as percibiren, acreditarase esta circunstancia coa copia da reclamación xudicial presentada ao efecto.
- Xustificación de ocupación ou desemprego actualizada:
 - No caso de persoal por conta allea: copia das dúas últimas nóminas, certificación da empresa ou vida laboral.
 - No caso de persoas traballadoras por conta propia ou autónomas: copia do último recibo do pagamento da cota á Seguridade Social no réxime especial de traballadores por conta propia ou da correspondente mutualidade así como o último ingreso trimestral presentado.
 - No caso de persoas desempregadas, certificación de ser demandante de emprego.

- Informe do organismo competente sobre a necesidade de integración, no caso de nenos ou nenas con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais.
- Cando se produzan causas sobrevidas que afecten aos recursos da unidade familiar, poderán presentarse outros documentos que acrediten oficialmente a situación económica, sempre en cando as variacións de ingresos supoñan unha diminución ou incremento superior ao 30% nos últimos 6 meses.
- Informe dos Servizos Sociais nos supostos en que sexa necesario por falta de acreditación documental suficiente ou pola situación especial na que viva a unidade familiar.
- Cartilla de vacinas actualizada.

De non achegarse dita documentación coa solicitude requirirase á persoa interesada para que nun prazo de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixera así de acordo co artigo 68 da lei 39/2015 do 1 de outubro, enténdese que desiste da súa petición.

O Concello de Santiago, así mesmo, poderá solicitar ás persoas que resulten adxudicatarias de praza, a achega de documentación orixinal para o seu cotexo.

4. EMPADROAMENTO

Será requisito imprescindible para ser adxudicatario de praza nas escolas infantís municipais que o/a neno/a solicitante estea empadroado no concello de Santiago de Compostela para optar á praza.

No caso de que o/a neno/a non nacese no momento da presentación da solicitude, a condición de empadroamento será da nai xestante ou persoa que no futuro exerza a patria potestade.

Non obstante este requisito será comprobado polo Departamento de Educación, unha vez consultado o Padrón Municipal.

O Concello de Santiago, a través do Departamento de Educación, poderá comprobar en calquera momento se o/a alumno/a cumpre ese requisito. A baixa do Padrón suporá a baixa automática na escola infantil.

5. RELACIÓN DE ALUMNADO ADMITIDO/A, EXCLUÍDO/A E LISTA DE AGARDA. Relación provisional de admitidos

A Comisión de Baremación efectuará a proposta inicial de baremación e selección e fará pública a relación provisional de admitidos/as, excluídos/as e lista de agarda coa puntuación obtida, entre o 4 e o 12 de maio. Esta relación exporase na páxina web municipal www.santiagodecompostela.gal e no taboleiro das escolas infantís municipais.

Reclamacións

As persoas solicitantes que o desexen poderán efectuar as reclamacións debidamente documentadas que consideren oportunas, no prazo de **dez días** naturais contados desde a

data de exposición da relación provisional de admitidos/as, excluído/as e lista de agarda. As reclamacións presentaranse ben por medios electrónicos ou de xeito presencial no Rexistro xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende 4, Galeras) ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro. Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

6. RELACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS, EXCLUÍDOS/AS E LISTA DE AGARDA

Unha vez que a Comisión de Baremación estude todas as reclamacións presentadas, procederase á exposición da relación definitiva de admitidos/as, excluídos/as e da lista de agarda, logo da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

As listas definitivas de admitidos/as, excluídos/as e da lista de agarda faranse públicas entre **29 de maio e o 5 de xuño**.

7. PRAZO DE MATRÍCULA

O prazo de matrícula para todo o alumnado das escolas infantís municipais de Conxo, As Fontiñas, e Meixonfrío-Salgueiriños será do **6 ao 16 de xuño**. De non formalizarse a matrícula nesas datas decaerá o dereito á praza obtida (aínda constando o/a alumno/a na relación definitiva de admitidos) e, se terá por desistido a solicitude.

Unha vez formalizadas as matrículas se pasarán a cubrir as prazas baleiras por rigoroso orde da lista de agarda e contactarase coas familias por teléfono. No caso de non obter resposta se repetirá a chamada en tres ocasións, en tres días distintos en diferentes horarios. Se aínda así non fose posible se contactará con eles por medio de correo electrónico, se foi aportado. A familia ten a obriga de poñer os datos de contacto correctos, polo que de non ser posible localizala decaerá no seu dereito a optar á praza.

8. RÉXIME DE PREZOS

Os prezos que deberán pagar as persoas usuarias serán os establecidos pola Orde que regule o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 para o curso 2023-2024 da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. Estes prezos tamén son de aplicación ás Escolas Infantís Municipais por canto reciben subvención desa Consellería.

No caso de que na Orde da Consellería de Política Social contemple algunha modificación das tarifas a pagar polas persoas usuarias, será obxecto de actualización nas escolas infantís municipais coa aprobación correspondente na Xunta de Goberno Local.

A matrícula e a atención educativa será gratuíta, xa que o Concello de Santiago está adherido ao programa de gratuidade da Xunta de Galicia por acordo da Xunta de Galicia de

O custe dos demais servizos prestados (comedor, almuerzo, merenda, hora día solto e horario ampliado) serán aboados polas familias mediante a aceptación da domiciliación bancaria á hora de formalizar a matrícula.

O prezos públicos dos obradoiros de conciliación son os aprobados na Xunta de Goberno Local de data 19 de setembro de 2022.

9. BAREMO

O baremo para a adxudicación de prazas nas escolas infantís establécese de acordo coa Orde pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia para o curso 2023-2024. No momento en que se tramita esta proposta non está publicada a Orde correspondente. Se houberse algún cambio na normativa da Xunta de Galicia que poida ser de aplicación ou afecte ás escolas infantís municipais con posterioridade ao acordo desta Xunta de Goberno Local, esa norma sería de aplicación e de cumprimento obrigado tanto para os usuarios como para a empresa adxudicataria da xestión das escolas infantís.

En caso de que a Xunta de Galicia non establecese un baremo específico a aplicar ao curso 2023-24 será o propio concello quen o estableza mediante acordo da Xunta de Goberno Local.

9.1.- Comisión de baremación:

Aplicaráselles a todas as solicitudes recibidas un procedemento de valoración. Antes da súa baremación terán un traballo previo de análise, comprobación e subsanación da documentación presentada polas persoas solicitantes. Este labor forma parte pois dos procesos de xestión da preinscrición e admisión de alumnado recollidos no prego de prescricións técnicas que rexen a xestión das escolas infantís municipais.

Unha vez realizado ese traballo previo, constituirase unha Comisión de Baremación composta polos seguintes membros:


Concelleiro/a Delegado/a de Educación

Presidencia:

Vogais: Xefe/a do Departamento de Educación ou persoa que o substitúa, que será nomeado polo Presidente.
Un/unha representante do Departamento de Servizos Sociais.
Un/unha representante dos directores/as de centros públicos de educación infantil e primaria.
As directoras das Escolas Infantís Municipais de Conxo, As Fontiñas e de Meixonfrío-Salgueiriños

Secretario/a: Un/unha técnica do Departamento de Educación
Os acordos tomaranse por maioría simple, resolvendo, en caso de empate, a Presidencia, que exercerá o voto de calidade.

- 10.** As escolas infantís municipais de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños atenderán aos nenos e nenas durante todo o curso escolar. Dado que na normativa autonómica se prevé un mes de vacacións para os nenos/as que asisten ás escolas infantís, e o mes de agosto é o máis utilizado polas familias para disfrutar as súas vacacións, o Concello de Santiago de Compostela contempla a posibilidade, con carácter rotatorio entre as escolas de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños, de manter aberto durante o mes de agosto algún dos equipamentos do Concello, sempre e cando exista unha demanda igual ou superior a 15 nenos/as entre a poboación infantil matriculada nestas escolas, que necesiten



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de Educación

deste servizo. Nestes supostos a familia deberá xustificar por motivos laborais de ambos os dous proxenitores ou enfermidades graves, a necesidade de levalo ao centro durante o citado período por razóns de conciliación.

Atendendo pois ao carácter rotatorio de apertura no mes de agosto do curso 2022-23 será a Escola infantil de Meixonfrío-Salgueiriños a que permanecerá aberta se hai un mínimo de demanda.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2023